SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 - XUÑO - 2006

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.- TOMA DE CONOCIMIENTO DA DIMISIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, DONA. MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ CUNHA, E REALIZACIÓN DE TRÁMITES PARA A SÚA SUSTITUCIÓN.

3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COA OBRA DE "BOMBEO PARA O SANEAMENTO DE CABANAS, REDONDELA (PONTEVEDRA)"+ (OH.336.674).

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as oito horas e trinta minutos do día oito de xuño de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, D. RODOLFO PATO GARCIA, Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE, Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as, Dª. CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. FERMÍN ALFAYA PAZ, e Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ.

INCIDENCIAS.- O Sr. BASTOS FERNÁNDEZ prantexa como cuestión previa que hai un horario para os plenos e que deberíase respetar ou consultar cos voceiros antes de cambialo.

Respóstalle o Sr. Acalde manifestándolle que o pleno estaba convocado para as 14:30 horas, pero por parte do Partido Popular se solicitou o cambio para esta hora. Di tamén que o Alcalde ten que consultar cos voceiros o cambeo de horarios dos plenos ordinarios pero non os extraordinarios, tal e como establece o Regulamento Orgánico Municipal.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezasete votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 5 do PP, 3 do BNG, 1 de RA e 1 de EU-IU), acorda prestar aprobación ó acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día 25 de maio de 2006.-

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA DIMISIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, DONA. MARIA DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, E REALIZACIÓN DE TRÁMITES PARA A SÚA SUSTITUCIÓN.-

ANTECEDENTES.-

Escrito da concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, de data 29 de maio de 2006, que transcrito dí:

"Que despois de sete anos formando parte como concelleira do grupo político do noso partido, neste Concello, síntome na obriga de presentar de forma irrebocable a renuncia a miña acta como concelleira, por motivos estrictamente persoais.

Foi para mín un orgullo desenrolar a miña laboura defendendo as ideas que propugna o noso partido e das que eu como socialista fago bandeira, pregándolle faga extensivo ó resto dos nosos compañeiros e compañeiras a miña gratitude pola axuda e paciencia que me dispensaron.

Sen dúbida atoparanme cado o precisen traballando polas nosas ideas na nosa organización."

VOTACIÓN E ACORDO.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo dezasete votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 5 do PP, 3 do BNG, 1 de RA e 1 de EU-IU), ao abeiro do disposto no artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acorda tomar coñecemento da renuncia e notificalo á Xunta Electoral Central para os efectos de acreditación da concelleira da mesma lista electoral que haberá de ocupa-lo seu posto.-

3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COA OBRA DE "BOMBEOS PARA SANEAMENTO DE CABANAS, REDONDELA (PONTEVEDRA)" (OH.336.674).-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Medio Ambiente de data 07.06.06, que transcrito dí:

"Pola Presidencia dase conta da súa proposta de adoptar os acordos esixidos pola entidade Augas de Galicia no seu escrito con entrada neste Concello de 25.05.06, nº 4738 de rexistro de entrada, así como de salvar os reparos formulados pola Intervención Xeral no seu informe de referencia T 71/06.

A Concelleira Amoedo Dasilva anuncia a abstención do seu grupo por non figurar no expediente os documentos de constitución de servidume para o paso de saneamento das fincas privadas afectadas.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, coa abstención dos membros do PP (3), e voto afirmativo do resto dos membros presentes (3), dictaminou favorablemente a proposta de referencia."

Informe do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 6 de xuño de 2006, Rfª.- T 71/06.

INTERVENCIÓNS.-

A Sra. Amoedo Dasilva dí que esta mañá aínda non estaba no expediente a documentación relativa á disponibilidade dos terreos e, por suposto tampouco estaba cando foi onte a Comisión, polo que vanse a abster.

O Sr. Pazos Docampo, dí que ven de incluir a documentación agora mesmo no expediente, por mor de que houbo que localizala, dado que xa era do pasado ano.

VOTACIÓN E ACORDO.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo doce votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG, 1 de RA e 1 de EU-IU), e cinco abstencións (5 do PP), adoptou os acordos seguintes:

Primeiro.- Resolve-los reparos formulados polo Sr. Interventor Xeral do Concello, no seu informe de data 6 de xuño de 2006, Rfª.- T 71/06.

Segundo.- Aproba-lo proxecto redactado pola Administración Hidráulica de Galicia de "BOMBEOS PARA O SANEAMENTO DE CABANAS, REDONDELA (PONTEVEDRA)". (OH.336.674), cun presuposto de execución por contrata de 86.127,61 euros.

Terceiro.- Solicitar do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo da referida obra.

Cuarto.- Comprometerse o Concello á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das referidas obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Quinto.- Renunciar expresamente á retención de calquiera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Sexto.- Expoñer ó público o proxecto de referencia, durante o prazo de 20 días hábiles.

Sétimo.- Comprometerse o Concello a asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Oitavo.- Comprometerse o Concello á actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, a súa explotación e amortización.

Noveno.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para solicita-lo financiamento das obras de referencia, e para a realización dos trámites necesarios tendentes a acadar dita financiación.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as oito horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 113 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1177973 ata a volta do folio núm. 114, Serie A nº 1177974, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL